



AS COMPETENCIAS
PROFESIONAIS
DOCENTES

Modelo de competencias profesionais do persoal asesor 2023




XUNTA
DE GALICIA

1. Introducción	3
2. As funcións do persoal asesor de formación	6
3. Descrición das competencias profesionais do persoal asesor	9



AS COMPETENCIAS
PROFESIONAIS
DOCENTES

1. Introducción



No ámbito da formación do profesorado a **persoa asesora de formación** é aquela que informa, acompaña, asiste e ofrece respostas formativas acordes coas necesidades colectivas e particulares, co obxectivo de incidir na mellora da práctica docente e no desenvolvemento da carreira profesional do profesorado.

O **DECRETO 74/2011, do 14 de abril** polo que se regula a formación permanente do profesorado establece que: *“A formación permanente do profesorado concíbese como un amplo sistema de apoio aos docentes, que parte das súas necesidades e que é acorde coa realidade social e educativa que envolve o seu labor, ademais de ser coherente coas análises e suxestións dos organismos internacionais. Esta formación recolle a colaboración con institucións académicas e outras de recoñecido prestixio e valor no ámbito educativo, ademais ten presente a realidade sociocultural e lingüística galega e considera os procesos avaliativos como un dos eixes que garanten a calidade e a mellora continua.”*

O carácter dinámico da nosa sociedade precisa dunha constante adecuación do sistema educativo á realidade cambiante. Neste escenario adquire máis importancia ca nunca a **formación permanente** e, por conseguinte, a **profesionalización do profesorado** encargado da mesma. Nestes momentos a función do persoal asesor da Rede de Formación non pode estar centrada nas materias do currículo, xa que a demanda formativa é transversal.

É precisamente este carácter dinámico o que condicionou a **actualización do Modelo de Competencias Profesionais Docentes** da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, publicado en Maio de 2023.

Nel, actualízase o enfoque dalgunhas das competencias recollidas no modelo anterior, como é o caso da **comunicativa**, á que se lle atribúen particularidades que van alén do uso meramente instrumental das linguas maternas e estranxeiras, sen detrimento deste. Deste xeito, segue a ser relevante o dominio lingüístico nesas linguas pero recóllese tamén a relevancia da modulación da comunicación dende o respecto e a empatía, a mediación ou a variación de códigos e canles. Intégrase tamén a **competencia dixital** docente dende o actualizado Marco de Competencia Dixital publicado na Resolución de 4 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial. Neste marco adquiren relevancia a protección de datos e o uso seguro da tecnoloxía, a súa integración nos procesos de ensino-aprendizaxe así como a colaboración e a comunicación.

Son novidade no Modelo de Competencias Profesionais Docentes do 2023 a introdución de **competencias relacionadas coa saúde e o benestar**, así coma coa **inclusión, a convivencia e a educación para o desenvolvemento sostible**. A Axenda 2030 e os ODS definidos nela, condicionan a modificación dos modelos competenciais da Consellería, tal e como se reflicte neste documento.

A presente proposta parte do modelo competencial para a asesoría publicado no ano 2021 e integra o **Modelo de Competencias Profesionais Docentes 2023** dende a perspectiva do persoal asesor, tendo en conta as súas funcións de deseño, planificación, desenvolvemento e acompañamento da formación permanente.

A nomenclatura do **Modelo de Competencias Profesionais Docentes** trasládase a este modelo de desempeño da asesoría, por considerar que todas as competencias que recolle teñen incidencia na función asesora, e que será no nivel de descriptor e indicador onde se reflectirán as especificidades da asesoría como perfil profesional docente.

A **función principal do persoal asesor** é acompañar e fomentar o desenvolvemento das competencias profesionais docentes e de centro, polo que é preciso continuar o labor realizado para apoiar o profesorado na súa formación elaborando unha oferta integral orientada ao desenvolvemento das competencias profesionais, que se traducirá nunha mellora na formación do noso alumnado.

Por este motivo, un dos obxectivos das estruturas de formación segue sendo o desenvolvemento dun **Plan de Formación Permanente do Profesorado** na práctica totalidade dos centros educativos de Galicia, contextualizado para cada un deles. Precísase que o persoal asesor de formación permanente sexa quen de elaborar correctamente itinerarios formativos orientados á adquisición das competencias profesionais do profesorado, así como determinar indicadores para o seu seguimento e avaliación.

Urxe pois, definir as **funcións das persoas asesoras da Rede de Formación**, así como determinar, de forma precisa, cales deberán ser as súas competencias profesionais. Isto facilitará unha adecuada selección do persoal asesor e o deseño da formación que se precise, tanto inicial como permanente, para o correcto desempeño das súas funcións.

Este modelo competencial do persoal asesor pretende dar resposta a esta necesidade e artéllase en torno a dous eixes: o **centro educativo** e as **competencias profesionais docentes**.



AS COMPETENCIAS
PROFESIONAIS
DOCENTES

2. As funcións do persoal asesor de formación



Competencia
didáctica

Promover a **elaboración e difusión de materiais didácticos** e de apoio á acción educativa.

Proporcionar estratexias que favorezan o **desenvolvemento curricular e a integración de metodoloxías eficaces** na práctica docente.

Participar activamente na **elaboración, desenvolvemento e avaliación dos plans anuais** de centro e da Rede de Formación.

Detectar, analizar e recoller as necesidades de formación do profesorado.

Deseñar, xestionar e avaliar actividades e itinerarios formativos que dean resposta ás necesidades de formación detectadas, e potencien o desenvolvemento das competencias docentes no ámbito xeográfico que corresponda.

Organizar e promocionar eventos e actividades que fomenten a creación de comunidades de práctica docente e dean visibilidade a boas prácticas educativas.



Competencia
comunicativa

Promocionar actividades de formación que melloren a competencia comunicativa nos centros educativos.

Promover e exercitar a comunicación multilingüe (tamén en linguas estranxeiras de ser o caso) eficaz.

Promover o acceso á información, así como a mediación e a transmisión da mesma.

Acceder á información e comunicala empregando diferentes linguas, códigos, rexistros e canles institucionais.

Comunicar propostas, plans, proxectos, etc. de maneira eficaz, empregando os formatos e recursos axeitados á audiencia destinataria.

Cultivar relacións de confianza e respecto baseadas nunha comunicación positiva, tanto co profesorado coma co equipo de traballo na asesoría.



Competencia
dixital

Promocionar o uso eficaz das ferramentas dixitais institucionais.

Deseñar, desenvolver e avaliar a oferta de formación a distancia.

Seleccionar, adaptar, avaliar e validar contidos susceptibles de ser publicados en espazos virtuais de aprendizaxe.

Promover o uso seguro e responsable da tecnoloxía tanto nos centros coma no propio espazo de traballo individual e colectivo na asesoría.

Acompañar a integración da tecnoloxía no proceso de ensino e aprendizaxe.

Publicar contidos e noticias nas webs do centro de formación así como nas redes sociais institucionais mantendo e respectando a identidade corporativa.



Competencia en
**desenvolvemento
profesional**

Participar activamente nas actividades de formación da Rede.

Liderar e participar de forma proactiva e construtiva en diferentes proxectos e comisións da Rede de Formación.

Desenvolver e avaliar proxectos de investigación e innovación educativa.

Desenvolver e avaliar proxectos institucionais de forma contextualizada.

Integrar a autoavaliación e a reflexión crítica sobre o propio desenvolvemento profesional de xeito regular



Competencia en
**organización escolar
e colaboración**

Promover iniciativas que propicien a reflexión e favorezan a innovación na aula e no centro.

Propor e difundir proxectos da Rede de Formación que impulsen a mellora educativa.

Promover a participación nos diferentes programas e a utilización de ferramentas institucionais.

Dinamizar o uso eficaz de ferramentas institucionais, recursos, dispositivos e materiais que incentiven a autonomía profesional, o traballo en equipo e a innovación pedagóxica.

Fomentar a innovación e as actividades de intercambio, debate e difusión de experiencias educativas entre o profesorado de cara a constituír redes de centros ou comunidades de práctica.

Coordinar e participar en diferentes grupos de traballo da Rede de Formación.



Competencia en
**saúde, seguridade e
benestar**

Actuar como motor de creación e establecemento dun espazo de traballo baseado no benestar físico e emocional propio, no espazo de traballo e en toda a contorna da comunidade asesora.

Promover o benestar entre os membros da comunidade educativa fornecendo de mecanismos de detección de riscos e xestión de conflitos.

Deseñar, implementar e acompañar accións formativas en materia de benestar e desenvolvemento emocional, hábitos de vida saudable e conservación do común.



Competencia
**inclusiva, social e
cidadá**

Deseñar, implementar e acompañar accións formativas relacionadas coa inclusión, convivencia, atención á diversidade, resolución pacífica de conflitos, igualdade e xustiza social baixo criterios de equidade.

Acompañar proxectos de internacionalización de centro e implementar proxectos coordinados dende a propia asesoría.


Introducir e desenvolver programas de educación para o desenvolvemento sostible nos centros.

Actuar como axente integrador e mentor de compañeiros e compañeiras no equipo de traballo da asesoría



AS COMPETENCIAS
PROFESIONAIS
DOCENTES

3. Descripción das competencias profesionais do persoal asesor



Competencia didáctica

Analizar as necesidades formativas do persoal docente e deseñar itinerarios formativos que respondan a esas necesidades. Buscar os recursos máis axeitados e promover a elaboración de novos materiais realizando unha avaliación final dos resultados obtidos. Asesorar e ofertar formación na competencia didáctica:

1. **Xestión e avaliación dos materiais, espazos e perfís de recursos humanos para os procesos de formación.**
.....
2. **Formación e acompañamento en didácticas específicas, metodoloxías e desenvolvemento curricular.**
.....
3. **Formación e acompañamento en estratexias e ferramentas de secuenciación, planificación e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe.**
.....
4. **Promoción, a través da formación, da elaboración e xestión de espazos, recursos e materiais de aprendizaxe.**
.....
5. **Formación e acompañamento para o deseño de estratexias de acción tutorial e orientación pedagóxica, académica e profesional.**



Competencia comunicativa

Asesorar e ofertar formación para o desenvolvemento da comunicación en todas as súas faces. Informar de maneira efectiva e contextualizada, a través de diversas canles e soportes, sobre as actividades, programas e recursos que faciliten o acceso á información. Promover o desenvolvemento desta competencia no profesorado.

- 1. Acompañamento para o desenvolvemento de estratexias de comunicación verbal e non verbal en linguas maternas e estranxeiras.**
.....
- 2. Formación en mediación lingüística, recursos e estratexias de apoio.**
.....
- 3. Sensibilización na necesidade do valor estético e dramático da comunicación nas súas diferentes canles e modalidades.**
.....
- 4. Selección correcta de estratexias e recursos para asegurar unha comunicación eficaz.**



Competencia dixital

Empregar as ferramentas dixitais necesarias para o desenvolvemento da profesión docente e promover o seu uso e integración entre o profesorado, facilitando a formación precisa en cada caso.

- 1. Emprego e promoción da integración de ferramentas e estratexias de comunicación e colaboración mediadas por tecnoloxía.**
.....
- 2. Observación rigorosa das estratexias e mecanismos de seguridade e benestar dixital no desenvolvemento das tarefas propias da asesoría.**
.....
- 3. Promoción, a través da formación, da inclusión e da seguridade e benestar dixital nas comunidades educativas.**
.....
- 4. Formación e acompañamento en procesos de ensino e aprendizaxe mediados por tecnoloxía, elaboración de recursos dixitais e avaliación.**



Competencia en desenvolvemento profesional

Mellorar a propia actuación de asesoría así como a actuación docente, aplicando o aprendido na formación continua e os achados da investigación recente e levando a cabo accións de innovación educativa. Conxugar o seu coñecemento académico-científico e o obtido da súa experiencia asesora para mellorar a súa práctica e dar resposta aos novos retos que formulan o sistema educativo e a sociedade. Para iso, cómpre concretar un plan e unha estratexia ligados á activación das 7 competencias profesionais da asesoría.

1. **Compromiso e capacidade de motivar para o desenvolvemento da formación continua.**
.....
2. **Reflexión analítica sobre a práctica na asesoría, xestión da crítica e retroacción.**
.....
3. **Investigación educativa e innovación para a formación do profesorado.**
.....
4. **Planificación e xestión do propio desenvolvemento profesional.**



Competencia en organización escolar e colaboración

Fomentar o dominio das estratexias de relación e colaboración entre as persoas docentes en equipos de traballo, cuns obxectivos, deberes e responsabilidades compartidas a través do exercicio das habilidades brandas, dunha coordinación eficiente e dun liderado distribuído. Apoiar o desenvolvemento de funcións relacionadas coa organización e xestión do centro, a interpretación do contexto de traballo e a aplicación de plans e programas.

- 1. Formación en procesos de xestión de centro e calidade, así como en normativa específica e/ou emerxente.**
.....
- 2. Acompañamento na formación e no deseño, coordinación e execución de propostas.**
.....
- 3. Promoción da implantación de procesos de traballo en equipo con liderado distribuído.**



Competencia en saúde, seguridade e benestar

Favorecer o benestar entre os membros da comunidade educativa e do propio equipo de traballo, promovendo o desenvolvemento dun espazo respectuoso coa contorna saudable tanto a nivel físico como mental. Dar pulo á prevención de condutas de risco entre o alumnado a través da formación permanente, da procura de implicación en programas que desenvolven eses obxectivos e do acompañamento e observación dos procesos.

- 1. Acompañamento e formación para o deseño de estratexias e procesos de xestión e promoción do benestar e desenvolvemento emocional e físico na comunidade educativa.**
.....
- 2. Asesoramento e formación para a adquisición de estratexias de detección e xestión de situacións de risco**



Competencia inclusiva, social e cidadá

Concienciar e formar na necesidade de creación de comunidades respectuosas co medio natural, abordando retos globais como os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, a convivencia, a prevención de conflitos e a inclusión en sentido amplo.

Pór en valor e fomentar a conciencia cultural e internacional nos centros.

1. Formación en educación para o desenvolvemento sostible.

.....

2. Asesoramento na implementación de programas de convivencia, mediación e resolución de conflitos, inclusión e igualdade.

.....

3. Promoción e acompañamento de valores para o desenvolvemento da xustiza social e da conciencia e expresión cultural.

.....

4. Asesoramento e acompañamento para o deseño e desenvolvemento de programas de internacionalización de centro.



XUNTA
DE GALICIA